

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN FEIRA DO LIBRO 2018

| |
|--|
| Nome e Apelidos/ Entidade: _____ |
| Nome do posto: _____ |
| D.N.I./C.I.F.: _____ Teléfono: _____ |
| Enderezo completo: _____ |
| Correo electrónico: _____ |

| | |
|---|---|
| Tipo de produtos a expoñer: (Suficiente con citar 3 ou 4) | |
| Espazo necesario: (Marcar cun X) | OPCIÓN A: Traio o meu propio posto e necesito ___ metros. <i>Máximo 4 metros</i> OPCIÓN B: Non teño posto propio e solicito 1 mesa <input type="checkbox"/> 2 mesas <input type="checkbox"/> <i>*As mesas son de 1, 80 m. cada unha</i> <i>*Rogamos, fagan un uso razoable do espazo</i> |
| Observacións: | |

- ✓ O/A interesado/a venderá artigos en bo estado, reservándose a organización o dereito de retirar todos aqueles que non o estean.
- ✓ O/A interesado/a expoñerá de forma visible o prezo dos artigos.
- ✓ O/A interesado/a cumprirá os horarios establecidos (11:00-14:00 e 17:00-20:00h).
- ✓ O Concello de Arzúa non se responsabiliza de calquera dano ou perda dos artigos expostos.
- ✓ A participación implica a aceptación das bases publicadas en www.concellodearzua.com.

Accepta e asina o/a interesado/a:

| |
|--|
| |
|--|

BASES DE PARTICIPACIÓN: FEIRA DO LIBRO 2018

1. OBXECTO

O Concello de Arzúa organiza a primeira edición da Feira do Libro co obxecto de promover o hábito lector e a dinamización cultural e comercial do casco histórico da vila.

2. LUGAR, DATA E HORARIO

A cita celebrarase o sábado 21 de abril na rúa Cima do Lugar (en caso de mal tempo na Capela da Madanela) en horario de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00h.

3. PARTICIPANTES E REQUISITOS

Con carácter xeral poderán participar no mercado a título particular todas as persoas interesadas, maiores de idade, que queiran expoñer e vender os seus produtos. Os produtos que se poderán vender son: libros, revistas, coleccionables, cómics, xoguetes educativos, discos de vinilo, CD e cassetes, orixinais novos, de segunda man ou descatalogados. Cada posto deberá expoñer obrigatoriamente artigos de lectura.

4. CARACTERÍSTICAS DO MERCADO

O mercado ten carácter gratuíto tanto para expositores como para visitantes. O Concello de Arzúa porá a disposición de cada participante un espazo dun máximo de 4 metros lineais para colocar o correspondente posto propio ou as mesas solicitadas previamente. Os postos deberán coidar a decoración e estética.

5. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

A solicitude estará dispoñible na páxina web do Concello de Arzúa www.concellodearzua.com e poderase solicitar tamén no Departamento de Cultura, no teléfono 981 500 222 e no correo electrónico cultura@concellodearzua.com. O prazo de presentación de solicitudes é do **2 ao 13 de abril de 2018**.

6. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E ADMISIÓN DE SOLICITUDES

As prazas son limitadas e a ocupación dos postos irase cubrindo por rigorosa orde de inscrición, con preferencia das persoas que cumpran os requisitos e estean empadroados no municipio. A organización resérvase o dereito de suspender o mercadiño por falta de mínimo de expositores que cumpran cos requisitos establecidos e de modificar a superficie ou emprazamento adxudicado, de ocorreren circunstancias excepcionais.

7. COMUNICACIÓN ÁS PERSOAS SELECCIONADAS

A selección será comunicada ás persoas interesadas o día **16 de abril** a través de correo electrónico. O resultado tamén se publicará na páxina web e redes sociais do Concello de Arzúa.

8. ACEPTACIÓN DAS BASES

Co envío da solicitude de participación a persoa interesada acepta de forma expresa estas bases de participación.